



## Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2021								
Lugar de reunión	Reunión ON-LINE			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	4	Data	28/01/2021	Hora inicio	18:30	Hora remate	19:30		
Moderador/a	Director: Xosé Euloxio Santos Leites								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.</li> <li>2. Presentación e aprobación, se proceder, da Conta de gastos do ano 2020.</li> <li>3. Presentación e aprobación, se proceder, do orzamento para o ano 2021.</li> <li>4. Presentación do borrador do Plan de convivencia</li> <li>5. Rogos e preguntas.</li> </ol>								
Asistentes	<p>DIRECTOR:Euloxio Santos Leites.XEFE ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.Angel Suarez Ríos</p> <p>SECRETARIA: Mercedes Couto García.</p> <p>PROFESORADO:Martín Bejarano, Rosa,Montserrat Paz Núñez, ,Garrido Vilariño, Xoán Manuel Fernández Cortés, Mª Carmen,Magariños Rey, Mª Jesús,</p> <p>PAS:</p> <p>PAIS/NAIS:.Dotras Botas, Marta.Prieto Morgadas Araceli, Cerviño Escaneo Mª Mar</p> <p>ALUMNOS/AS:</p>								

## Temas tratados

No **1º punto da orde do día**, a Secretaria Mercedes Couto dá lectura á acta do Consello escolar do día 22 de Decembro de 2020, e apróbase por unanimidade.

No **2º punto da orde do día** explícase a conta de gastos realizados durante o ano 2020, que ascende a 457.032,85 euros, así como o de ingresos que acada os 799.225,91 euros, do que se desprende que queda un remanente para incorporar ao exercicio de 2021 de 342.193,06 dos cales 204.481,44 corresponden os ingresos da Consellería e 134.175,48 corresponden ao proxecto ERASMUS +.

No **3º punto da orde do día** explícase a proposta de orzamento para o ano 2021, que ascende á 565.000 euros. Apróbase por unanimidade a proposta de orzamentos.

No **4º punto da orde do día** o Sr. Director informa que este curso corresponde realizar a actualización do Plan de Convivencia, polo cal procede a explicar as modificacións introducidas no borrador do mesmo, e a indicar que está aberto a suxerencias, coa finalidade de aprobalo no claustro e Consello escolar correspondentes ao final do 2º trimestre

En **rogos e preguntas**, fórmulanse as seguintes preguntas:

O Director informa do da situación COVID no centro a día de hoxe.

A nai Mar Escaneo pregunta cómo se fai o seguemento académico do alumnado que está confinado

Por parte de Dirección aclárase o protocolo que se sigue:

- Unha vez que chega unha alerta por un positivo, entre o grupo COVID do centro e o CSC da Consellería determinanse quen son os contactos estreitos do alumno/a positivo.
- Avísase a ese alumnado para que inicie a cuarentena.
- Unha vez que se recibe comunicación no centro de que o alumno/a está confinado/a, o Director comunica esta situación ao titor/a.



- O titor/a comunica ao profesorado o anterior para que se proceda a facerlle o seguemento de actividades a través da aula virtual.
- en caso de estar toda a clase ou a maioría confinada, ademáis da aula virtual, débese proceder a realizar as clases a través da plataforma CISCOWEBEX según contempla o plan de continxencia.

## Acordos

Aprobación conta de gastos do ano 2020.

Aprobación orzamento 2021

Visto e prace moderador/a

O/A secretario/a